



# O «Camiño Sinodal» alemán: unha valente decisión e complicada execución

Jesús Martínez Gordo<sup>1</sup>

<sup>1</sup>Mentres escribo estas liñas –abril de 2022–, o chamado «Camiño Sinodal vinculante» alemán non finalizou. Concluirá –se non hai novidade de última hora– coa cuarta asemblea que se ha celebrar en setembro deste mesmo ano en Frankfurt. Á espera de tal encontro, non é prudente ofrecer unha síntese dos temas que se están abordando, dos contidos e debates que aínda se están producindo, nin das conclusións e propostas que se tentan alcanzar. Non queda máis remedio ca agardar.

Pero esta dificultade non quere dicir que impida, na data de hoxe, expoñer, polo menos, as razóns, a xénese e os obxectivos da posta en marcha desta singular e sorprendente iniciativa eclesial, inaugurada o 1 de decembro de 2019, primeiro domingo de Advento, co acendemento dun cirio en cada unha das vinte e sete catedrais alemás; todo un símbolo que, á vez que abría un novo tempo eclesial, pechaba outro, de preparación, particularmente axitado.

## 1.- A orixe do Camiño Sinodal (*Synodaler Weg*)

Todo comezou en 2010 cando se coñeceron os primeiros casos de abuso sexual no xesuíta Canisius-Kolleg, de Berlín<sup>2</sup>. E, a partir daquela, noutras dioceses e institucións relixiosas.

---

1 Jesús Martínez Gordo é profesor da Facultade de Teoloxía de Vitoria-Gasteiz e do Instituto Diocesano de Teoloxía e Pastoral de Bilbao. É membro do Centro «Cristianisme i Justícia» e párroco no Equipo Ministerial de Basauri.

2 Cf. TERESA FORCADES I VILA, «Conversaciones con... Klaus Mertes, jesuita, Rector del Canisius-Kolleg de Berlín. La opción por las víctimas»: *Iglesia Viva* 245 (2011) 101-116

Na Asemblea Plenaria da Conferencia Episcopal Alemá de primavera daquel mesmo ano, celebrada en Friburgo, os bispos alemáns –conscientes da gravidade dos feitos– acordaron nomear unha comisión de seguimento para teren unha precisa información desta secuela; crear unha liña directa de asesoramento para os afectados e de recoñecemento do sufrimento causado; redactar as oportunas directrices que permitisen previr a pederastia e aprobar os fondos oportunos para estudala e previla.

### *1.1. O encargo dunha investigación independente: fontes e datos*

Pasado un tempo e vista a gravidade e a extensión do problema, a Conferencia Episcopal Alemá retomou o asunto e encargou, o ano 2014, ás universidades de Mannheim, Heidelberg e Giessen unha investigación sobre a implicación de sacerdotes, diáconos e relixiosos. Con ela, buscábase obter unha información, o máis veraz posible, sobre este lado escuro da Igrexa, tanto polo ben dos afectados canto para tomar –unha vez detectados os erros cometidos– as decisións que fosen necesarias e evitar que se repetisen tales comportamentos.

Esta investigación foi dirixida por Harald Dressing, un psiquiatra forense, contando con diferentes equipos de traballo, integrados por expertos en psiquiatría forense, criminoloxía, socioloxía e psicoloxía das tres universidades citadas. Durou dende o 1 de xullo de 2014 até o 24 de setembro de 2018.

O obxectivo asignado foi «determinar» –como se pode ler no Informe final– «a frecuencia con que tivo lugar o abuso sexual de menores (...), describir as súas formas (...) e identificar estruturas e dinámicas no interior da Igrexa que puidesen facilitar o abuso»<sup>3</sup>. Contaron, para iso, cos datos recolleitos en entrevistas con vítimas e clérigos –acusados e non acusados–, así como cunha enquisa anónima por internet. Tamén tiveron acceso a 38.156 expedientes

---

3 Cf. [https://www.dbk.de/fileadmin/redaktion/diverse\\_downloads/dossiers\\_2018/MHG-span-Endbericht-Zusammenfassung.pdf](https://www.dbk.de/fileadmin/redaktion/diverse_downloads/dossiers_2018/MHG-span-Endbericht-Zusammenfassung.pdf). Cf. [https://www.dbk.de/fileadmin/redaktion/diverse\\_downloads/dossiers\\_2018/MHG-Studie-gesamt.pdf](https://www.dbk.de/fileadmin/redaktion/diverse_downloads/dossiers_2018/MHG-Studie-gesamt.pdf). Cf. Resume: <https://www.katholisch.de/artikel/19050-zwei-probleme-klerikalismus-und-sexualmoral>

persoais que, proporcionados polas dioceses alemás, foron revisados polo persoal das respectivas igrexas locais ou por equipos de avogados designados por elas. Unha vez identificados os casos, os devanditos equipos rexistráronos anonimamente nos formularios correspondentes, enviados ao equipo de investigación para a súa análise.

É certo que faltou, indícase noutro momento, «información sobre numerosos detalles», referidos «a temas, situacións e puntos de vista das vítimas de abuso sexual» ou sobre as súas «consecuencias físicas ou psíquicas». Pero iso, como é obvio, non significa que tales consecuencias non tivesen lugar, senón que, simplemente, non foron documentadas nas fontes de datos dispoñibles. Como tamén é certo que a amplitude do período analizado (de 1946 a 2014) imposibilitou determinar o número de casos sobre os cales xa non existen antecedentes ou datos.

Con todo, apúntase a continuación, a comprobación destas limitacións non impediu recompilar unha ampla e significativa información sobre moitos aspectos e temas asociados a esta problemática; algo que se realizou coidando, con algunhas excepcións, o anonimato de todos os casos e de todas as persoas involucradas (tanto dos acusados como das vítimas).

O resultado deste estudo foi un texto de 350 páxinas, coñecido como o Informe MHG, polas iniciais das universidades implicadas no estudo, que, publicado pola Conferencia Episcopal Alemá, e traducido a diferentes idiomas (entre eles o español), foi presentado en setembro de 2018 co título de «Abuso sexual de menores por sacerdotes católicos, diáconos e relixiosos na área da Conferencia Episcopal Alemá». Na devandita investigación identificáronse 1.670 clérigos abusadores sexuais de menores (o 4,4 % de todos os dese período de tempo) e 3.677 vítimas. Os clérigos, advírtese noutro momento, estiveron arroupados por unha estrutura eclesial que, á vez que os encubría, desatendía as vítimas: só un terzo deles foran xulgados de acordo co dereito canónico e, nos casos nos que foron declarados culpables, impoñíanselles sancións menores. O habitual era que fosen trasladados de diocese sen alertar a parroquia de destino sobre os motivos do cambio.

## 1.2. O diagnóstico dos abusos sexuais a menores

Os autores do Informe indican, seguidamente, que o clericalismo, a moral sexual, a disciplina do celibato e unha deficiente formación serían as causas de tales abusos de menores.

### a) O clericalismo

Cando, como é o caso, se sancionan os individuos culpables, se lamentan publicamente as súas accións, se pagan compensacións financeiras ás vítimas e se establecen protocolos de intervención, está a procederse de maneira necesaria, pero non adecuada e suficiente xa que estas ou outras decisións do estilo atacan os síntomas dun desenvolvemento anormal, pero consolidan as estruturas do poder clerical, é dicir, do clericalismo.

En efecto, o clericalismo, activado e facilitado por un «sistema xerárquico-autoritario», leva ao dominio dos consagrados sobre os non consagrados, xa que a súa función e a ordenación sacramental sitúanos nunha posición de superioridade, sendo o abuso sexual unha consecuencia extrema desta actitude de dominio.

Por tanto, non só estamos a falar dunha causa importante de tales abusos sexuais a menores, senón, sobre todo, dunha característica estrutural específica que levou a que a autoridade clerical preste máis atención á ameaza que supón a denuncia para o sistema ca ás vítimas.

Unha Igrexa con este perfil, traslada ou sanciona os identificados, encobre ou oculta os feitos, bloquea a súa divulgación e non ten en conta os menores abusados. Procedendo desta forma, non só estamos diante de comportamentos equivocados de individuos illados, senón ante un problema estrutural e sistémico que urxe cambiar. Non queda máis remedio ca responsabilizar á institución eclesial polas desgrazas que está a provocar e ocultando.

### b) A moral sexual da Igrexa católica

A moral sexual, no referente á homosexualidade e á disciplina do celibato, é outra das causas.

No Informe analízase, dentro deste apartado, a homosexualidade como un posible factor de risco no abuso sexual de menores. Nas investigacións realizadas, apúntase, atopáronse indicadores dunha orientación homosexual entre o 14,0 % e o 19,1 % dos clérigos acusados, unha porcentaxe «significativamente superior» en comparación aos que se detectan noutros contextos institucionais, como, por exemplo, nas escolas (6,4 %).

É posible –indícase seguidamente– que aos «aspirantes ao sacerdocio cunha inclinación homosexual non admitida e inmadura», o compromiso cunha vida de celibato poida parecerlles unha solución aos seus problemas psíquicos, que, ademais, ofrécelles a perspectiva dunha estreita convivencia exclusivamente con homes, polo menos durante a formación no seminario; unha posibilidade que pode presentar «un alto potencial de atracción para persoas inmaduras cunha inclinación homosexual».

Pero, como é sabido, a Igrexa rexeita as relacións ou prácticas homosexuais. E tamén, que nega o acceso ao ministerio ordenado aos gays. Aínda que é certo, indicaban seguidamente, que unha existencia célibe pode parecer para algúns dos candidatos ao sacerdocio cunha «inclinación homosexual inmadura e rexeitada», unha solución a un problema psíquico persoal, non o é menos que «a complexa interacción» entre inmadurez sexual, homosexualidade rexeitada e negada nunha contorna homofóbica pode ser outra causa para que, na súa maioría, as vítimas dos abusos sexuais perpetrados por clérigos católicos sexan homes, malia que nin a homosexualidade nin o celibato sexan «en si mesmos causas do abuso sexual infantil».

A esta aproximación á homosexualidade, sucede unha incursión sobre o desenvolvemento emocional da personalidade, o erotismo e a sexualidade: considéranse insuficientes os requisitos que ofrecen os seminarios para o desenvolvemento dunha personalidade emocional e sexualmente madura dos aspirantes ao sacerdocio. En particular, no referente ao acompañamento que reciben os seminaristas fronte aos desafíos que expón unha vida célibe que non foi necesariamente elixida de maneira voluntaria,

senón que foi imposta como condición previa para a ordenación sacerdotal.

É certo que é posible levar unha existencia célibe, á vez, madura e voluntaria. Con todo, as condicións básicas, é dicir, a elección voluntaria e o desenvolvemento dunha personalidade madura, non están necesariamente presentes en todos os seminaristas. Os achados alcanzados na investigación permiten supoñer que un labor de formación centrada na persoa sobre temas relacionados coa sexualidade e co desenvolvemento da identidade sexual é extremadamente limitada en canto á súa duración e o seu contido.

Hai xa tempo que non é suficiente un enfoque unicamente pastoral e espiritual do celibato.

### *1.3. As recomendacións*

O Informe adéntrase nun terceiro apartado no que, convencido de que non se pode dar por concluído o risco de que nenos e nenas sigan sendo vítimas de abuso sexual na Igrexa católica, aprema a que se adopten medidas concretas que o eviten ou que, polo menos, reduzan, na maior medida posible, as situacións de risco. E non se pode dar por acabado porque, como xa se apuntou, non se trata só de actos indebidos perpetrados por certos individuos, senón dun problema estrutural que acaba facilitando o devandito abuso ou ben dificultando a súa prevención.

En coherencia con esta conclusión, fórmulanse algunhas recomendacións referidas a diferentes temáticas.

#### *a) A heteroxeneidade das posturas e as maneiras de proceder de cada diocese*

Dada a importancia e a gravidade do problema, é preciso que as dioceses alemás adopten unha estratexia unificada, coordinada e proactiva, do mesmo xeito ca un conxunto de medidas acordes e idóneas e cun efecto a longo prazo para abordar, esclarecer e afrontar o escándalo do abuso. Só procedendo desta forma, é posible superar a recepción negativa que están a ter en sectores

da opinión pública e, especialmente, entre as vítimas, os esforzos realizados ata o presente pola Igrexa católica. E só así tales esforzos poden chegar a bo termo.

*b) A xestión dos expedientes persoais*

Recoméndase que, no futuro, todas as dioceses documenten de modo obrigatorio, uniforme, transparente e estandarizado as denuncias de abuso. Deberase indicar claramente que acusacións foron formuladas, como se tramitaron, por que razóns se iniciaron os procesos e cal foi o resultado dos mesmos. Así, será posible evitar a desaparición ou a destrución de evidencias claras ou de probas relacionadas.

No caso de que un clérigo acusado sexa transferido a outra diocese, ha de abrirse alí un novo expediente persoal, cos antecedentes con que se contén.

*c) As posibilidades de contacto para as vítimas*

Tendo en conta que os encargados de asuntos relacionados co abuso sexual se encontran estreitamente vinculados cos responsables diocesanos ou con outros órganos da Igrexa católica, as dioceses alemás han crear e financiar unha instancia de contacto, interdisciplinar e independente da Igrexa, que permita unha consulta de fácil acceso para as vítimas e que, ademais, garanta a confidencialidade respecto da Igrexa e que, previa solicitude, manteña o anonimato. Só así será posible que as vítimas presenten unha denuncia sen que se poña en dúbida a confidencialidade das conversacións de asesoramento que se poidan manter.

*d) Establecer investigacións ulteriores*

É digno de eloxio, recoñécese, que a Conferencia Episcopal Alemá encomendase este proxecto de investigación. Con todo, o estudo non debe concluír coa presentación deste Informe.

Os resultados alcanzados aconsellan continuo co fin de investigar outros posibles casos, así como aspectos que se escapan a este

Informe –ou que requiran ser analizados con maior detención– e someter a unha avaliación máis rigorosa as estratexias preventivas e as decisións tomadas polas dioceses. En concreto, non se poden ignorar as limitacións que tivo o presente estudo xa que todos os arquivos –como se indicou– foron revisados polo persoal diocesano ou por avogados designados por eles, sendo imposible que os investigadores tivesen acceso independente a tales arquivos.

A asunción e a posta en práctica desta recomendación podería servir de modelo para o urxentemente necesario, e até agora desatendido, estudo sobre o abuso sexual noutros contextos institucionais e tería a virtude de emitir á opinión pública un sinal claro de que a Igrexa católica está a abordar este drama humano de maneira auténtica e continua e non só adoptando unha actitude reactiva.

*e) Os procedementos e sancións de carácter eclesiástico e penal*

O protocolo posto en funcionamento nalgunhas dioceses –ocupados en denunciar inmediatamente ante os tribunais ao acusado– é insuficiente; sobre todo, se se acaba delegando todo o problema nas autoridades estatais.

Ha quedar claro que os procedementos e as sancións penais non eximen a Igrexa católica da responsabilidade de resgardar os intereses das vítimas e de adoptar oportunamente as súas propias medidas. Nin tampouco que ten un deber de asistencia respecto dos clérigos acusados. Tamén a Igrexa católica debe implementar protocolos de reinserción, similares aos que contempla o dereito penal.

*f) A formación e a educación sacerdotal*

O actual sistema de formación sacerdotal –en gran medida pechado– necesita a presenza de especialistas externos que contribúan á súa apertura e que o inmunicen contra os riscos estruturais que propician o abuso. Igualmente, hanse de estandarizar os criterios e os procedementos para a selección dos candidatos ao sacerdocio a través da aplicación de métodos psicolóxicos establecidos.



En síntese, é preciso ir máis aló dun enfoque netamente pastoral-espiritual e ter en conta os coñecementos psicolóxicos e sexolóxicos modernos.

*g) A moral sexual católica*

Urxe revisar a moral sexual católica con respecto á homosexualidade no contexto do abuso sexual de menores, así como a disciplina do celibato.

A homosexualidade non é –á luz da investigación realizada– un factor de risco de abuso sexual. Con todo, cómpre reconsiderar a postura, fundamentalmente adversa, da Igrexa católica con respecto á ordenación de homes homosexuais e propiciar a creación dun ambiente aberto e tolerante.

Tampouco a disciplina do celibato é, en si mesma, un factor de risco para o abuso sexual, por máis que, na bibliografía dispoñible, siga sendo obxecto de controversias. As posturas van desde a recomendación de eliminar a súa obrigatoriedade –por consideralo un factor de risco–, até a afirmación de que dita suposta vinculación carece de fundamento científico.

Máis aló deste debate, os redactores do Informe entenden que o compromiso cunha existencia de celibato require unha intensiva confrontación coa emocionalidade, coa sexualidade e co erotismo propios cunha orientación e dun apoio profesional adecuados e para sempre. Esta é unha necesidade que, na actualidade, non é abordada de maneira debida nos seminarios, aínda que se implementen módulos de formación temporais. Un enfoque eminentemente teolóxico e pastoral resulta insuficiente.

*h) A relación co poder clerical*

O abuso sexual supón sempre un abuso de poder, que pode verse favorecido polas estruturas clericais autoritarias da Igrexa católica. Seguen sendo necesarias, como xa se indicou, medidas tales como as sancións aos vitimarios; o arrepentimento público; as compensacións económicas; a posta en funcionamento de mecanismos de

prevención e de alerta, pero, en ningún caso, son suficientes. E non o son, se non se propicia o desmantelamento dunhas estruturas de poder clericais.

Por iso, é preciso debater a fondo o tema do ministerio ordenado e a comprensión do papel do sacerdote en relación coas persoas non consagradas.

### *i) Suxestións formuladas polas vítimas*

Finalmente, recóllese no Informe, numerosas vítimas manifestaron –sobre todo nas entrevistas anónimas, realizadas online– que, aínda que a Igrexa católica expresara o seu pesar fronte ao abuso sexual perpetrado por clérigos, aínda faltaba un sinal de verdadeiro arrepentimento e unha sincera admisión de culpabilidade. Por iso, en orde a emendar estas deficiencias, formulan as seguinte suxestións:

- Algúns deles expresaron o desexo de que a Igrexa institúa un día de conmemoración das vítimas sexuais. Sería unha data na que recoñecer publicamente os agravios cometidos e, se os abusados o desexan, lembrar o sufrimento padecido.
- Aínda que é certo que unha indemnización en diñeiro nunca poderá compensar o sufrimento causado e, en consecuencia, ningunha cantidade sería adecuada, tamén o é que a práctica seguida até agora pola Igrexa católica debería ser reconsiderada, atendendo ás cantidades que vén abonando: as 27 dioceses deben acordar o pago de compensacións económicas obrigatorias por cantidades similares. As razóns das diferenzas –ás veces considerables– entre as cantidades que se abonan son pouco transparentes e as vítimas percíbenas como algo ofensivo.
- As consecuencias persoais e as sancións contra os culpables e os responsables de encubrilos deben comunicarse ás vítimas dunha maneira comprensible.
- Os esforzos no interior da Igrexa por lograr articular unha postura coherente e crible son un requisito previo para que

a opinión pública e as vítimas sintan que a actitude xeral da Igrexa católica e as declaracións das autoridades eclesiásticas respecto do tema do abuso sexual son auténticas. Isto pasa por unificar o alcance e a intensidade da cooperación cos investigadores, así como as posturas fronte ao problema.

- Se así o desexan, as vítimas deberían participar máis activamente no labor de prevención da Igrexa católica, unha participación que podería mellorar o contido e aumentar a eficacia do labor preventivo, sendo, á vez, un sinal de que a institución eclesial toma realmente en serio as vítimas e os seus puntos de vista.

## **2.- A reacción da Conferencia Episcopal Alemá**

Durante a súa reunión de setembro de 2018 (Fulda), os bispos alemáns realizaron unha primeira lectura do Informe MHG, tomando algunhas decisións sobre a prevención, o manexo dos arquivos persoais, a compensación, o recoñecemento e a atención independente das vítimas, a formación nos seminarios e a información.

No comunicado de prensa, facilitado á finalización da Asemblea, engadiuse un parágrafo no que asomaba o que, seis meses despois, acabará sendo, grazas ao posterior empuxón do Comité Central de Católicos Alemáns, o Camiño Sinodal: «Discutiremos os desafíos específicos da Igrexa católica, tales como o problema do celibato sacerdotal, así como diferentes aspectos da moral sexual católica, nun sincero diálogo coa participación de expertos de diversas disciplinas».

## **3.- A reacción do Comité Central de Católicos Alemáns**

Esta organización –representante dos consellos diocesanos e das asociacións católicas, e tamén de institucións de apostolado laico e doutras personalidades eclesiais e da sociedade– é recoñecida como tal pola Conferencia Episcopal de Alemaña e goza dunha enorme autonomía e independencia que explica que, ao finalizar

a súa Asemblea Plenaria dos días 23 e 24 de novembro de 2018, emitise unha resolución sobre o Informe MHG no que, despois de deplorar a timidez da Conferencia Episcopal Alemá –a celebrada en Fulda (Setembro, 2018)–, e de cualificar como radicalmente insuficientes as medidas daquela tomadas, formulaba as seguintes consideracións e propostas:

As estruturas de poder eclesiásticas e clericais da Igrexa deben ser desmanteladas rapidamente, porque o problema radica no sistema! (...). Chegou o momento dun cambio. Por iso esiximos:

1. A separación do poder executivo e xudicial no dereito canónico. Esiximos unha xurisdición administrativa eclesiástica independente no territorio da Conferencia Episcopal de Alemaña.
2. A participación equitativa de laicos e de persoas consagradas na dirección da Igrexa para promover unha transparencia total e combater a clericalización denunciada polo papa Francisco.
3. O acceso das mulleres a todas as funcións eclesiásticas para colocalas en igualdade de condicións cos homes.
4. A abolición do celibato obrigatorio.
5. A aceptación das múltiples formas de existencia na moral sexual da Igrexa.
6. O recoñecemento da autoridade que teñen todas as persoas bautizadas e consagradas en todos os niveis da Igrexa para tomar decisións.

Finalizaba con estas palabras:

O ZdK está disposto a participar no proceso de reforma necesario. Pero é inútil ofrecer ao pobo de Deus unha terapia calmante e relaxante. O que necesitamos agora é unha acción conxunta valente e orientada a obxectivos!

#### 4.- A reconsideración dos bispos alemáns do 11-14 marzo (Lingen, 2019)

O Informe MHG foi retomado seis meses despois, na Asemblea Plenaria do 11-14 de marzo (Lingen, 2019), contando, nesta ocasión, coa colaboración de diferentes especialistas e coa presenza de Thomas Sternberg, presidente do Comité Central de Católicos Alemáns. Foi daquela cando os bispos alemáns asumiron que acontecementos traumáticos esixían métodos especiais; que a Igrexa alemá necesitaba, con urxencia, un cambio radical, unha reforma a fondo e que a fe podía crecer e profundarse só se se liberaba de todo aquilo que a bloqueaba e que llo impedía. Tales inquietudes só podían ser afrontadas cun debate libre e aberto, adoptando novas decisións e transitando novos camiños.

Foi esta reflexión a que os conduciu a impulsar, en primeiro lugar, as investigacións máis localizadas que permitisen coñecer mellor o número de vítimas e as responsabilidades pendentes (é o que chamarán as «reavaliacións diocesanas»). Foi a que tamén os levou a poñer os medios precisos para recoñecer, acompañar, reparar e indemnizar as vítimas de abusos sexuais. E, finalmente, a que puxo en marcha o «Camiño Sinodal («Synodaler Weg») vinculante», contando, para iso, coa implicación, desde o inicio, de laicos e laicas, representantes do Comité Central dos Católicos Alemáns (ZdK).

Tratábase dunha proposta presentada por Thomas Sternberg, o seu presidente, quen aceptara participar nesta Asemblea da Conferencia Episcopal Alemá baixo a condición expresa de que o «Camiño Sinodal» fose «vinculante». Así o comunicou o cardeal R. Marx na rolda de prensa: «Decidimos, por unanimidade, seguir un camiño sinodal vinculante como Igrexa en Alemaña, que permita un debate estruturado e que se leve a cabo dentro dun tempo acordado, en colaboración co Comité Central de Católicos alemáns. Crearemos foros de debate abertos e poñeremos en marcha procedementos que permitan a cooperación responsable de mulleres e de homes nas nosas dioceses. Queremos ser unha Igrexa que escoita».

## 5.- Unha decisión conxunta de bispos e laicos (5 de xullo de 2019)

Na súa Asemblea Plenaria do 10 ao 11 de maio de 2019, o Comité Central dos Católicos Alemáns (ZdK) tratou a proposta episcopal, aceptándoa cunha clara maioría, e manifestando a súa dispoñibilidade para involucrarse, dende o principio, tanto na xestión e na preparación como no desenvolvemento e financiamento do devandito «Camiño Sinodal».

O resultado de tal decisión foi a celebración dunha Conferencia Conxunta Ampliada (5 de xullo de 2019) na que participaron arredor de 50 delegados, membros da Conferencia Episcopal Alemá e representantes/membros do Comité Central dos Católicos Alemáns. Nela tratáronse varias cuestións relacionadas co Camiño Sinodal vinculante: os posibles estatutos e a constitución dun cuarto foro dedicado ao «lugar das mulleres na Igrexa» que engadir aos xa existentes sobre «o poder, a participación e a separación de poderes»; «a moral sexual» e «a vida sacerdotal»<sup>4</sup>.

A decisión tomouse. E adoptouse de maneira conxunta, laicos e bispos, ademais de ser «vinculante».

## 6.- A reacción de Francisco: «Carta ao pobo de Deus que peregrina en Alemaña»

O clima de preocupación que empezaba a emerxer nalgúns ámbitos experimentou un punto álxido coa carta do papa «ao pobo de Deus que peregrina en Alemaña», o 29 de xuño do mesmo ano. Quen a lea poderá apreciar unha dobre mensaxe.

Segundo o primeiro, o bispo de Roma reconece, de modo explícito, as dificultades polas que atravesaba a Igrexa alemá e a tentación de pensar que os problemas poden resolverse mediante un cambio ou mellora da organización. Esta ilusión só pode ser afrontada con

---

4 Cf. Erweiterte Gemeinsame Konferenz beendet Tagung zur Vorbereitung des Synodalen Weges in Fulda «Verantwortung für die Sendung der Kirche»: <https://www.dbk.de/presse/aktuelles/meldung/erweiterte-gemeinsame-konferenz-beendet-tagung-zur-vorbereitung-deas-synodalen-weges-in-fulda>

«conversión pastoral» e sinodalidade. A singularidade desta dobre referencia de Francisco consiste en que as vincula ao chamado *sensus Ecclesiae* e á evanxelización, «elementos determinantes do noso ADN eclesial».

«O que necesitamos –apuntara un pouco antes–, é moito máis ca un cambio estrutural, organizativo ou funcional». E este «moito máis» chámase «conversión pastoral», é dicir, atender ás «esixencias que nacen do noso ser crentes e da propia dinámica evanxelizadora da Igrexa».

E outro tanto di sobre a sinodalidade cando apela a «ampliar a mirada para recoñecer un ben maior que nos beneficiará a todos»: «Trabállase no pequeno, no próximo, pero cunha perspectiva máis ampla», sabendo que «a Igrexa Universal vive en e das Igrexas particulares, así como as Igrexas particulares viven e florecen en e da Igrexa Universal». «De aí a necesidade de manter sempre viva e efectiva a comunión con todo o corpo da Igrexa, que nos axuda a superar a ansiedade que nos encerra en nós mesmos e nas nosas particularidades (...). Isto non é sinónimo de non camiñar, avanzar, cambiar e inclusive non debater e discrepar, senón, simplemente, a consecuencia de sabernos parte constitutiva dun corpo máis grande que nos reclama, espera e necesita e que tamén nós reclamamos, esperamos e necesitamos. É o gusto de sentirnos parte do santo e paciente Pobo fiel de Deus» En definitiva, «o *Sensus Ecclesiae* libéranos de particularismos e tendencias ideolóxicas».

Segundo a segunda mensaxe, implícita nesta ocasión, o Camiño Sinodal é unha forma de cambio, malia que aínda non estea suficientemente clarificado que poida significar en concreto e como se desenvolverá; algo que, con seguridade, aínda se está considerando, e aínda que, apunta, trátase de «camiñar xuntos e con toda a Igrexa» baixo o Espírito, é dicir, «desde abaixo cara a arriba» (coidando o bo funcionamento da diocese) e «desde arriba cara a abaixo», vivindo «de maneira específica e singular a dimensión colexial do ministerio episcopal e do ser eclesial». Con estas palabras, o papa apoiaba, discretamente, á Conferencia Episcopal de

Alemaña, consciente das declaracións e posicionamentos do ZdK, é dicir, do obxectivo declarado de abrir un proceso sinodal que, contando cunha maioría de laicos e de laicas, tomase decisións que fosen «vinculantes».

Como se pode apreciar, é unha carta na que, á vez que se alentan as reformas, tense un particular coidado en sinalar algúns dos perigos, exhortando a preservar a unidade da Igrexa universal. Non é de estrañar que tanto os opositores coma os partidarios se sentisen alentados.

Próbaos o feito de que o cardeal R. Marx e o profesor Thomas Sternberg, presidente do ZdK, se reafirmasen conxuntamente no «camiño decidido» e anunciasen que a súa «forma exacta» decidiríase conxuntamente en setembro e novembro, «durante as respectivas asembleas plenarias da Conferencia Episcopal de Alemaña e do ZdK».

Pola súa banda, o cardeal R. Marx sinalou –ante a moi alta posibilidade de que as decisións finais fosen «vinculantes»– que o importante era chegar a «un consenso xeral, non á unanimidade». Por tanto, non se dicía nada sobre que os bispos tivesen que implementar obrigatoriamente nas súas respectivas dioceses os acordos que fosen aprobados. Estaba claro que se prefería máis un compromiso moral ca unha obrigación no sentido canónico.

## **7.- A Carta conxunta do cardeal R. Marx e do prof. Dr. Thomas Sternberg aos fieis alemáns**

Continuando con estas primeiras reaccións, o 1 de decembro de 2019, nunha carta –de novo, conxunta– do cardeal R. Marx e do Presidente do ZdK, reafirmaban que o bispo de Roma compartía con eles «a preocupación polo futuro da Igrexa en Alemaña»; animábaos a buscar «unha resposta sincera á situación actual»; chamaba a preservar a unidade de toda a Igrexa, a realizar un proceso sinodal que, camiñado xuntos, fose «de abaixo cara a arriba», así como a «abrazar o primado da evanxelización» e a conxugar a dimensión espiritual do Camiño Sinodal cos desafíos estruturais.



Estes son obxectivos, proseguiron, que nós queremos seguir «con moitos católicos, relixiosos pertencentes a diferentes ordes, sacerdotes e, sobre todo, con mozos, nos dous próximos anos». E queremos facelo con «sentido eclesial», conscientes de prestar a debida atención tanto á unidade de toda a Igrexa coma á situación local e, á vez, procurando a participación de todo o Pobo de Deus. Pero tamén atentos á necesaria autocrítica xa que «a mensaxe do Evanxeo quedou escurecida, mesmo danada da maneira máis terrible». Se non procedésemos así, estaríamos a obstaculizar a proclamación da fe.

Estas urxencias explican, concluíron, que nos dous próximos anos tratemos en catro Foros todo o referido ao «poder e á separación de poderes na Igrexa»; «á sexualidade»; «á vida sacerdotal» e «ao papel da muller».

## 8.- A reacción da Curia vaticana

O 4 de setembro de 2019 a Igrexa alemá recibe outra carta: nesta ocasión, do cardeal Marc Ouellet, presidente da Congregación para os bispos, acompañada dun Informe do Pontificio Consello para os Textos Legislativos.

Na súa misiva, o cardeal Marc Ouellet criticaba o proxecto, aínda non completamente perfilado, do novo estatuto do camiño sinodal; as funcións; os temas en discusión; os procedementos de toma de decisións; o «quórum» das votacións e, sobre todo, a inconsistencia canónica de igualar bispos e laicos nos procedementos de toma de decisións.

Pola súa banda, no Informe do Pontificio Consello afirmábase que os temas que se ían a tratar non concernían «só á Igrexa en Alemaña, senón á Igrexa universal, e que estes temas –con algunhas poucas excepcións– non podían ser obxecto de resolucións e de decisións dunha Igrexa en particular». Por tanto, non era de recibo que unha Igrexa particular tomase decisións «vinculantes» cando, como era o caso, os asuntos abordados concernían á Igrexa universal.

A carta de Marc Ouellet serviu para que o cardeal de Colonia, Rainer Maria Woelki e o arcebispo de Ratisbona, Rudolf Voderholzer, presentasen un borrador alternativo ao Estatuto que se preparara, solicitando excluír dos debates a ordenación das mulleres –por entender que era un asunto xa resolto polo maxisterio– e reservar exclusivamente aos bispos o poder de tomar decisións. Convén indicar que tal proposta xa fora rexeitada nunha reunión do Consello Permanente no mes de agosto por unha abafadora maioría.

Pero tamén serviu para que o cardeal R. Marx respondese criticando a forma de proceder da administración vaticana: os estatutos criticados, indicou en primeiro lugar, ao ser un borrador xa superado, fixeran obsoleta a carta enviada. A continuación, sinalou que o Camiño Sinodal non era un Sínodo canónico senón un «proceso *sui generis*», imposible de ser clasificado e valorado a partir dos criterios facilitados polo Dereito: non se trataba dun concilio particular. E non o era porque un sínodo ten un formato claramente definido polo Dereito Canónico. Todo está regulado, desde a definición dos temas até a composición dos participantes e as súas competencias. Ademais, require a aprobación da Santa Sé; algo que, a miúdo, só se concede despois dun longo proceso. Isto retarda a velocidade requirida para abordar os problemas que hai que tratar. «Na situación actual, proseguíu, un enfoque sinodal *sui generis* abre un debate centrado nos desafíos actuais. Permite o descubrimento dun «horizonte máis amplo» no que emprender «accións innovadoras».

E, respondendo á segunda das cuestións, manifestou a súa esperanza en que «os resultados deste esforzo no noso país tamén sexan útiles para a Igrexa universal e para outras conferencias episcopais», indicando, seguidamente, que a participación do ZdK obedecía a unha peculiaridade da Igrexa alemá e á necesidade de cambiar os «factores de influencia institucional» que permitiran os abusos.

Este debate entre os bispos alemáns e a curia vaticana quedou finalmente pechado –polo menos, de momento– nun encontro do cardeal R. Marx co papa Francisco en Roma, a principios

de setembro e cos respectivos departamentos curiais, quedando claro que a valoración emitida –tanto na carta do Prefecto como no informe xurídico– baseáronse nun vello borrador. No novo, e definitivo, as resolucións sinodais só podían darse por aprobadas cando contasen, por unha banda, cunha maioría de dous terzos de todos os membros presentes, e, por outro, coa mesma maioría por parte dos bispos.

Estes dous informes, declarou o cardeal R. Marx ao *Frankfurter Allgemeine Zeitung*, son outros tantos erros que a Curia vaticana podería aforrar dialogando connosco, antes de «enviar documentos».

## 9.- O «Camiño Sinodal vinculante» segue adiante

Na Asemblea Plenaria de outono (Fulda, setembro de 2019) a maioría dos bispos reafirmaron a súa vontade de continuar no proceso sinodal e a minoría seguiu mantendo firmemente as súas reservas, suxerindo, mesmo, a posibilidade de non participar nel.

Igualmente acordouse que as sesións plenarias se celebrasen do 30 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2020; do 4 ao 6 de febreiro de 2021; do 30 de setembro ao 2 de outubro de 2021 e do 3 ao 5 de febreiro de 2022. Entrementes, o traballo desenvolveríase nos diferentes foros sinodais. Como se pode apreciar, o Camiño Sinodal estaba programado para dous anos, aberto a unha posible ampliación, como así sucederá.

A primeira asemblea celebrouse, tal e como se tiña acordado, do 30 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2020 nun antigo mosteiro que serve como centro de convencións protestantes, debido ás obras na catedral de Frankfurt.

A seguinte asemblea, programada para celebrarse do 3 ao 5 de setembro de 2020, foi substituída, debido á pandemia do Coronavirus-19, por conferencias rexionais celebradas en cinco sitios diferentes o 4 de setembro de 2020. Pola mesma razón, houbo de ser posposta de novo e substituída parcialmente por unha asemblea *online*, celebrada do 4 ao 6 de febreiro de 2021. A segunda asemblea sinodal, finalmente, puido celebrarse do 31 de setembro

ao 2 de outubro de 2021. E a terceira, do 3 ao 5 de febreiro de 2022, estando prevista a cuarta para setembro (do 8 ao 10) do mesmo ano.

Unha vez celebrada esta, e, por tanto, ultimado o «Camiño Sinodal», será posible falar, con fundamento de causa, do debatido e aprobado polos católicos alemáns. E das súas consecuencias. Esperemos.

**Jesús Martínez Gordo**  
Instituto Diocesano de Teoloxía e Pastoral de Bilbao  
Traduciu: Chema Felpeto